

PROGRAMA TROULEANDO ECOPARQUE (Marín)



Para este mes de maio dentro do programa TROULEANDO, propoñemos unha actividade para a mocidade que conxuga natureza, moita diversión e deporte.

Propoñemos unha xornada no **Ecoparque Multiaventura (Marín-Pontevedra)** onde poderemos gozar de circuitos suspendidos nas árbores con máis de 70 xogos e disfrutar dunha xornada de diversión e aventura salvando obstáculos como lianas, tirolinas, rocódromo, redes, pontes de mono, troncos, taboas,... para demostrar a vosa habilidade e destreza en altura.

A actividade terá lugar o sábado 27 de maio pola mañá. Sairemos en bus dende o Pazo da Peregrina ás 08.30h e da Casa da Cultura de Milladoiro ás 08.45h. O regreso aproximado está previsto para as 14.15h en Milladoiro e 14.30h en Bertamiráns.

Poden inscribirse os/as mozos/as empadroados/as no Concello de Ames, dende os 12 anos cumpridos (nados en 2010), enviando a ficha cuberta e **asinada** a xuventude@concellodeames.gal entre o 10 e o 14 de maio. As prazas son limitadas (40 por orde de chegada ata completar as prazas dispoñibles).

Será preciso contar cun mínimo de 20 mozos/as para desenvolvela actividade, en caso contrario, o Concello de Ames, poderá anular a actividade.

Calquera dúbida contacta con nós no correo electrónico xuventude@concellodeames.gal

Debes traer calzado cómodo de suela dura (deportivos ou de montaña), roupa cómoda, gorra, crema solar, e se dispoñedes dos mesmos, guantes sen dedos. A empresa aportará o restante material necesario (arnés, etc.).

Trouleando Ecoparque

Nome e apelidos

Telf Data nacemento

DNI Correo-e

Enderezo:

PARADA BUS (X)	LUGAR E HORARIO APROX	ADULTO/A RESPONSABLE DA RECOLLIDA DO/A PARTICIPANTE MENOR Á VOLTA (de selo caso)
<input type="checkbox"/>	Casa Cultura Milladoiro Ida 08.45h Volta 14.15h	NOME E APELIDOS E DNI <input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	Pazo Peregrina Ida 08.30h Volta 14.30h	NOME E APELIDOS E DNI <input type="text"/>

Os participantes menores deben ser recollidos na parada polos pais/nais/titores-as ou representantes legais.

(Autorización paterna **SÓ** en caso de menores de idade)

D./D^a

DNI como pai, nai ou titor/a do/a solicitante autorizo ao mesmo/a a participar nesta actividade asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición. **Así mesmo, declaro que o/a menor se atopa en condicións físicas axeitadas para o desenvolvemento da actividade.**

Así mesmo AUTORIZO NON AUTORIZO ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons deste evento organizado polo concello no que apareza o/a antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. Poderán destinarse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Asdo.

(solicitante maior de idade ou pai- nai- titor/a do/a menor de 18 anos)

Información relativa ao tratamento dos seus datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos achegados pola persoa solicitante é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica da Oficina Municipal de Información Xuvenil, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal, no interese público e no consentimento das persoas interesadas nestas actividades.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión á empresa que presta o servizo "TROULEANDO: Ecoparque"; se fose necesaria algunha outra cesión a terceiros, será previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal